



Balbordo na cociña

Con esta actividade pretendemos reflexionar sobre a igualdade entre nenos e nenas á hora de realizar calquera tarefa.

Emprégase o termino sexo para facer referencia ás características anatómicas, fisiolóxicas, psicolóxicas, afectivas... propias do home e da muller e xénero cando nos referimos a actitudes e capacidades que son asignadas a cada sexo, que son consecuencia do papel que socialmente se destinou a cada un deles, chegando a constituír estereotipos culturais respecto do que cada sociedade espera tanto dos homes como das mulleres.

Unha educación non discriminatoria na corresponsabilidade para homes e para mulleres, será o instrumento imprescindible para conseguir unha real igualdade de oportunidades.

Por todo isto, temos presente unha serie de ideas importantes que pretendemos traballar con esta actividade:

- Os mozos non son superiores ás mozas.
- Ninguén pode sentirse superior aos demais.
- É importante traballar en equipo para conseguir facer mellor certas cousas.

Neste conto, partimos da formulación de considerar “mozos” aos cubertos con artigo masculino, e “mozas” aos de artigo feminino.

Actividade previa á lectura

Para Primeiro Ciclo ou sempre que se considere necesario, pódese facer esta actividade antes da lectura.

Comentar aos/ás nenos/as que imos escoitar un conto que nos fala de algo que sucedeu nunha cociña á hora para comer. Os protagonistas son os utensilios da mesa, algúns son “nenos” e outros son “nenas”. Para saber quen é quen imos facer un xogo:

Utilizar a seguinte lista, explicando antes que os cubertos que levan diante “O” son “nenos” e os cubertos que levan diante “A” son “nenas”.

Nenos	Nenas
O Garfo	A Culler
O Prato	A Copa
O Vaso	A Xerra
O Coitelo	A Servilleta
O Saleiro	A Navalla
O Cazo	A Espetada
O Mantel	A Escudela



Para entendelo mellor, repasar varias veces esta lista mediante o seguinte xogo:

- Cada vez que digamos no alto o nome dun utensilio “neno”, todos os nenos da clase deberán levantarse.
- Cada vez que digamos no alto o nome dun utensilio “nena”, todas as nenas da clase deberán levantarse.

Lectura e traballo posterior

Ao finalizar a lectura, sempre que se considere necesario na clase, iniciaremos unha rolda de preguntas para asegurarnos de que estiveron atent@s e comprenderon o contido do conto.

Deberán dicir SI ou NON despois de cada frase.

- Os nenos pensaban que as nenas facían mellor as cousas que eles.
- O coitelo dixo que os nenos eran superiores ás nenas.
- Os nenos dixeron que sen eles non poderían sacar adiante a comida.
- As nenas non souberon organizarse para traballar en equipo e sacar adiante a comida.
- Os nenos non pediron perdón por dicir que eles eran superiores.

A continuación, reflexionar sobre o contido.

- Cantos personaxes aparecen no conto?
- Lembrades os seus nomes?
- Apuntalos no taboleiro antes de profundar na historia.
- Por que os cubertos “nenos” deciden irse da mesa?, conseguen as “nenas” sacar adiante a comida?, como o fan?
- A que conclusión chegamos ao final do conto?

Comentar e explicar aquí os elementos da introdución ou o que non quedase claro.

- Que é o que máis vos gustou do conto?, por que?